



INTERVENCIÓN XERAL

EX.PTE. 133-143

Resultado de operacións correntes non financeiras:

Esta magnitude móstranos se os ingresos correntes son ou non suficientes para facer fronte aos gastos correntes. Se non son suficientes expone un problema engadido xa que os ingresos de capital están afectados os gastos de capital polo que non é posible desvialos para financiar gastos correntes. Esta magnitude ten por obxecto reflectir se se está producindo unha despatrimonialización da Entidade que se orixinaría se levase a cabo o financiamento de gastos correntes con ingresos de capital.

Deste xeito, se consideramos unicamente os recursos correntes non financeiros, tal e como podemos comprobar na táboa seguinte, os ingresos correntes non financeiros (capítulos I ao V), foron superiores as obrigas correntes non financeiras (capítulos I ao IV) en 36,88 millóns de euros na entidade e 38,48 millóns de euros nos estados consolidados, que amosa a capacidade que ten a entidade co superávit corrente non financeiro para facer fronte a empregos de capital, tanto non financeiros (investimentos e transferencias de capital), como financeiros.

Entidade Local					Estados Consolidados				
Cap.	DRN	Cap.	ORN	Resultado	Cap.	DRN	Cap.	ORN	Resultado
I	113.723.603,01	I	61.216.756,71		I	113.723.603,01	I	64.900.950,95	
II	9.404.868,08	II	122.794.130,57		II	9.404.868,08	II	124.207.660,04	
III	46.103.532,58	III	147,99		III	47.491.948,22	III	147,99	
IV	80.911.337,24	IV	31.840.267,15		IV	80.237.879,11	IV	25.900.267,15	
V	2.597.744,51				V	2.632.944,53			
Total	252.741.085,42		215.851.302,42	36.889.783,00	Total	253.491.242,95		215.009.026,13	38.482.216,82

10. INDICADORES MÁIS RELEVANTES.-

Aos efectos de realizar os cálculos, segundo os datos do INE a poboación de Vigo a 1 de xaneiro do ano 2019 ascendía a 295.364 habitantes.

Indicador	Período												
	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Poboación	294.772	295.703	297.332	297.124	297.241	297.355	296.479	294.997	294.098	292.817	292.986	293.642	295.364

Copia do documento - Concello de Vigo
 Expediente 133/143
 Pódese validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>
 Data impresión: 21/02/2020 07:54
 CSV: 2BE9EH-24CAEA-5BDC38-HKHVZH-PZT4D8-H1
 Páxina 26 de 32



INTERVENCIÓN XERAL

EX.PTE. 133-143

Ingresos tributarios por habitante D.R.N. (I,II,III/H)	452,31	484,02	478,41	481,92	480,66	508,07	524,39	527,89	529,77	546,07	558,18	551,68	572,96
Pres. Fiscal = (I+II+III-(art.35,36,38,39))/Nº Habitantes	415,95	435,97	432,36	429,60	435,13	464,74	475,98	482,85	492,44	502,86	510,84	496,92	521,75
Gasto corrente por habitante (I,II,III,IV/H)	543,24	596,56	664,32	650,04	646,62	636,75	673,96	682,85	681,72	689,53	700,67	713,02	623,00
Esfuerzo inversor por habitante (G.cap.NF/H)	99,89	96,78	260,92	188,60	152,34	79,23	43,49	28,84	42,26	24,75	75,69	188,33	98,87
Carga financeira habitante (III,IX/H)	74,11	64,13	35,58	36,71	43,23	35,81	89,26	59,28	57,52	33,98	0,00	0,00	0,00
Coefficiente endebedamento Lei Facendas Locais	21,56	19,76	19,09	28,52	37,87	24,98	16,66	11,50	4,26	0,00	0,00	0,00	0,00
Débeda financeira por habitante	160,67	156,05	147,36	218,59	278,54	187,85	131,39	90,60	33,77	0,00	0,00	0,00	0,00
Débeda orzamentaria habitante (obrigas orzamentarias/h)	80,06	150,71	161,19	106,11	76,04	78,75	59,67	70,19	51,66	49,24	51,30	40,67	42,40
Dependencia Financeira (IV,VII e IX Ingresos/Gasto total)	0,39	0,46	0,52	0,52	0,36	0,35	0,35	0,34	0,34	0,33	0,35	0,33	0,00
Autonomía (I,II,III,V,VI e VIII/DRNT)	0,98	0,91	0,77	0,80	0,92	0,96	0,96	0,67	0,67	0,69	0,68	0,67	0,00
Autonomía fiscal (I,II,III/DRNT)	0,61	0,57	0,48	0,51	0,61	0,65	0,64	0,66	0,66	0,68	0,67	0,62	0,00
Cobertura (Ingreso corrente/gasto corrente)	1,20	1,18	1,10	1,10	1,12	1,17	1,17	1,15	1,15	1,16	1,18	1,16	1,17
Financiamento (I a III, V Ingresos/ Ingresos correntes)	0,65	0,66	0,64	0,65	0,67	0,69	0,68	0,68	0,68	0,69	0,67	0,66	0,00
Tesourería/Acredores orzam./non orzam. (liqui. inmediata)	2,12	1,80	1,82	2,19	2,33	2,69	2,68	2,46	2,84	3,15	3,35	2,76	3,12

11. ENDEBEDAMENTO: CÁLCULO DO AFORRO NETO LEGAL A 31 DE DECEMBRO.

Unha das magnitudes que a Lei de Facendas Locais ten en conta para que as entidades locais poidan realizar operacións de endebedamento é o aforro orzamentario neto, de modo que cando esta magnitude é positiva non fai falta que para concertar novas operacións de endebedamento a longo prazo sexa necesario obter a previa autorización da Comunidade Autónoma que exerza as competencias en materia de tutela financeira sobre as entidades locais.

A estes efectos, o artigo 53 do TRLRFL dispón que entenderase por aforro neto das entidades locais e os seus organismos autónomos de carácter administrativo a diferenza entre os dereitos liquidados polos capítulos un a cinco, ambos inclusive, do estado de ingresos, e das obrigacións recoñecidas polos capítulos uno, dous e catro do estado de gastos, minorada no importe dunha anualidade teórica de amortización da operación proxectada e de cada un dos préstamos e empréstitos propios e avalados a terceiros pendentes de reembolso.

O importe da anualidade teórica de amortización, de cada un dos préstamos a longo prazo concertados e dos avalados pola corporación pendentes de reembolso, así como a da operación proxectada, determinarase en todo caso, en termos constantes, incluíndo os intereses e a cota anual de amortización, calquera que sexa a modalidade e condicións de cada operación. No aforro neto non se incluírán as obrigacións recoñecidas, derivadas de modificacións de créditos que fosen financiadas con remanente líquido de tesourería.